



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Acordo para un Goberno de coalición

Xuño 2011





CONCELLO DE
PONTEVEDRA





Acordo para un Goberno de coalición

Analizados os resultados electorais, a situación económica do Concello, os programas electorais das dúas forzas políticas e avanzado na reorganización administrativa do Concello, os Grupos Municipais do PSdG-PSOE e do BNG tomaron as seguintes decisións:

Goberno de Coalición

Concretar o compromiso de estabilidade do Goberno Local de Pontevedra mediante a formación dun Goberno de Coalición para todo o mandato, como fórmula que, nas circunstancias actuais de Pontevedra, mellor pode garantir a gobernabilidade e un Goberno forte, con impulso e capacidade de reacción e xestión.

As dúas forzas políticas reiteramos a nosa sensibilidade coa realidade social na que estamos a vivir e comprometémonos a levar a cabo dende a institución municipal unha política sensíbel e atenta ás necesidades dos nosos veciños e veciñas; atenta aos requerimentos que xorden neste peculiar momento histórico e dotada da intelixencia e creatividade necesarias para darlles solución dentro das competencias municipais.

Principios do Goberno

Acordamos dotar ao Concello de Pontevedra dun goberno único, solidario, proporcio-

nal en responsabilidades e recursos que terá como principios básicos a austeridade na xestión e no gasto, a simplificación administrativa, a transparencia e o diálogo sempre dende a defensa do interese público, esforzándose na optimización dos recursos, coa máxima lealdade entre todos os membros do goberno, sexan da mesma ou de distinta opción política e cun programa básico común.

A Xunta de Goberno será o órgano de decisión e cohesión do goberno ao que asistirán tanto os concelleiros e as concelleiras de pleno dereito como todos os demais concelleiros con responsabilidades de goberno.

Economía e crise económica

A crise económica e as súas tremendas consecuencias de atonía económica e, sobre todo, alto desemprego, centrarán todos os esforzos do goberno de coalición de Pontevedra. As medidas mais importantes serán:

- Esfuerzo máximo do concello como elemento dinamizador da economía e xerador de emprego a través do esforzo investidor e de todas as medidas que, dentro das súas posibilidades, poida acometer o Concello.
- Reaxuste e recorte, cando sexa necesario e posíbel, do gasto corrente e de persoal en aras a adaptar os gastos á situación económica e a aumentar a capacidade in-

vestidora do Concello.

— Manter o máis baixa posíbel a presión fiscal (taxas e impostos) cos reaxustes necesarios para asegurar a prestación dos servizos pero sempre por debaixo do IPC, cando menos até superar a crise económica.

— Facer unha política de ingresos centrada na eliminación das bolsas de fraude que puideran existir e na mellora dos padróns, aumentando así a xustiza e equidade no esforzo fiscal.

Outros aspectos programáticos

Se a crise económica e a loita contra o paro é o eixe central do programa común, existen outros moitos elementos compartidos entre os que destacamos:

— Mellora da participación social tanto directamente como a través dos órganos que se acorde pór en marcha.

— Aposta pola profundización nas políticas sociais.

— Avance das infraestruturas de comunicación e servizos: rolda urbana, circunvalación, conexión desta coa rede periurbana, cercanía ferroviaria, mellora da Estación de Buses e da súa conexión viaria e coa estación de FF.CC., remodelación do Nó de Bombeiros, e as actuacións de subministro de auga do convenio con Aquanorte.

— Posicionamento sobre o Hospital Único en Montecelo.

— Avance no saneamento do territorio, especialmente nos ríos e na Ría e impulso ao traslado de ENCE-ELNOSA.

— Impulsar o novo PXOM como elemento necesario para o desenvolvemento harmónico do concello, coa necesaria colaboración da Xunta.

— Impulsar políticas activas de emprego e todas as medidas axeitadas para combater o paro.

— Aposta decidida da cidade como destino turístico, congresual, feiral e de todo tipo de eventos

— Estender os elementos de calidade urbana aos barrios periféricos e ás parroquias.

— Posta en valor dos nosos recursos patrimoniais e ambientais.

— Reforma e modernización da Administración Municipal

— Manter os servizos actuais, recortando só aqueles que poidan ser prestados por vías alternativas ou os que, sen ser competencia municipal, deixaron de ter financiamento da administración competente.

Recorte do gasto corrente

Cífrase en 1.500.425 € sen que sufran promoción económica e a Área Social (Servizos Sociais e Benestar) que mesmo experimentan subas.

Esforzo investidor

As previsións para todo o mandato, período 2011-2015 cífrase entre 55 e 75 millóns de euros en función da evolución das variábeis económicas xerais. O esforzo será decrecente coa máxima intensidade neste ano 2011, no que se fixa como obxectivo alcanzar os 30 millóns de euros.

Goberno

Xunta de Goberno: 7 concelleiros e concelleiras do BNG e 2 concelleiros e concelleiras do PSdG-PSOE

Alcaldía: BNG; Tenencia de Alcaldía: PSOE, aínda que haxa substitucións.

Concelleiros non electos: poderá exercer esta posibilidade cada un dos grupos coaligados.

Presidencia de Comisións: 2 o PSdG-PSOE; 4 o BNG.



Goberno Municipal de Pontevedra

Alcalde

D. Miguel Anxo Fernández Lores

Tenente de Alcalde

D. Antón Louro Goyanes

Tenente de Alcalde Suplente

Dna. Anxos Riveiro Portela

Xunta de Goberno

D. Miguel Anxo Fernández Lores

D. Antón Louro Goyanes

Dna. Anxos Riveiro Portela

D. Cesaráreo Mosqueira Lorenzo

D. Raimundo González Carballo

D. Agustín Fernández González

D. Vicente García Legisima

Dna. Carme da Silva Méndez

D. Luís Bará Torres

Portavoz do Goberno

D. Raimundo González Carballo

Viceportavoz

D. Agustín Fernández González

Áreas de Goberno

D. Antón Louro Goyanes

Urbanismo: Modificacións do planeamento; planeamento de desenvolvemento, xestión urbanística.

Licenzas de obras, parcelación, actividade, e primeira ocupación.

Disciplina: disciplina urbanística e ambiental.

Vivenda: Actuacións en materia de Vivenda. ARI de Estribela.

Estacionamentos: Xestión dos estacionamentos en réxime de concesión.

Obras Urbanas: Proxectos de nova urbanización e reurbanización, agás no Centro Histórico e nos elementos catalogados.

Dna. Anxos Riveiro Portela

Cultura: Promoción e xestión da cultura. Vice-Presidencia do OO.AA. Pazo de Cultura.

Dinamización sociocultural.

Consumo: Fomento do consumo responsábel.

Zonas verdes e parques: Parques urbanos, xardíns, parques infantís.

Praias

D. César Mosqueira Lorenzo

Ordenación do territorio: Instrumentos de Ordenación do territorio Infraestruturas: infraestruturas de comunicación e servizos tanto propias como de outras administracións.

Novo PXOM: Xestión do novo PXOM en tramitación.

D. Raimundo González Carballo

Facenda: Orzamentos e gasto público, ingresos, autorización e disposición de gastos, ordenación de pagos.

Sostemento dos espazos públicos.

Servizos municipais: mellora e mantemento da iluminación, vías públicas municipais.

Montes e parques forestais.

D. Agustín Fernández González

Educación: Xestión das competencias municipais en Educación en todos os niveis obrigatorios e post-obrigatorios. Xestión de programas e actividades nos centros educativos.

Universidade

Deporte: Fomento, promoción, xestión e desenvolvemento da actividade física, práctica deportiva e instalacións deportivas. Presidencia do Instituto Municipal de Deportes.

D. Vicente García Legísima

Réxime Interior

Persoal

Patrimonio Municipal.

Dna. Carme da Silva Méndez

Protección cidadá: Policía. Bombeiros. Protección Civil. Ocupación de vía pública.

Ciclo da água: subministro de água potábel, sumidoiros e rede de águas residuais.

Resíduos: recollida de residuos, limpeza viaria e RSU's.

Festas: programación e xestión de actividades lúdicas e festivas.

D. Luís Bará Torres

Mobilidade: transporte público e auto-taxis. Accesibilidade.

Patrimonio Histórico: Obras e actuacións no Centro Histórico e outros elementos catalogados. Patrimonio cultural e etnográfico.

Dna. Carlota Román García

Promoción Económica, Emprego e Turismo: Actividades de promoción económica de todos os sectores produtivos. Políticas de emprego. Promoción do Turismo. Presidencia da Empresa Municipal de Turismo. Xestión de Congresos e Feiras no Recinto Feiral en coordinación co organismo autónomo.

Comercio e Incentivación das actividades empresariais.

Mercados Municipais. Venda Ambulante. Matadoiro.

Dna. Carne Fouces Díaz

Servizos sociais: Servizos Sociais. Drogo-dependencias. Garderías.

Cemiterios

Dna. Lola Dopico Aneiros

Igualdade: Promoción da igualdade

Sociedade do coñecemento e novas tecnoloxías.

D. Demetrio Gómez Xunqueira

Normalización lingüística e cultural

Xuventude.

Dna. Pilar Comesaña Hermida

Sanidade: sanidade animal. Canceira e animais abandonados.

Servizos Territorializados

Área Urbana: coordinador D. Luís Bará Torres.

Área Rural: coordinador D. Raimundo González Carballo.

Nota.- O responsábel de cada área xeográfica exercerá todas as competencias municipais dentro dese ámbito agás as de Deportes, Educación e Urbanismo, en coordinación cos concelleiro/a que teña delegada a competencia.

Os coordinadores terán a función de tentar homoxeneizar criterios de actuación dos distintos delegados territoriais.

Asignación de Áreas xeográficas:

Área Rural

Parroquias de Lérez, Alba, Cerponzóns e Campañó: Dna. Pilar Comesaña Hermida.

Parroquias da Canicouba, Pontesampaio e Tomeza: D. Raimundo González Carballo.

Parroquias de Marcón, Verducido, Salcedo, Lourizán, Sta. M^a Xeve, Sto. André Xeve e Bora. D. Demetrio Gómez Xunqueira.

Parroquia de Mourente: D. Luis Bará Torres

Área Urbana

O Burgo, Centro Histórico e A Moureira: Dna. Anxos Riveiro Portela

San Xosé, Campolongo, Mollavao: Dna. Carne Fouces Díaz.

Resto da Área Urbana: D. Luís Bará Torres



CONCELLO DE
PONTEVEDRA